



# A Escola de Espiritualidade e o seu papel na formación e maduración da fe

---

Mencha Leirós de la Peña

Nacida en Sobrado dos Monxes en 1994, por iniciativa de Andrés Torres Queiruga, Pilar Wirtz e Salvador Toro (Prior do mosteiro), a Escola de Espiritualidade tivo unha actividade ininterrompida durante estes máis de vinte anos, celebrando ano tras ano as súas sesións, nunha primeira etapa no mosteiro, participando daquela varios dos monxes da comunidade. No ano 2000 abandona Sobrado e desenvolve o seu traballo durante dous anos no Monte do Gozo, un na casa dos Padres Paúles de Marín e dez na Casa de Exercicios. A partir do ano 2012 inicia a súa actividade na casa do Proxecto Home de Santiago de Compostela, onde continua actualmente.

A escola é levada e animada por un equipo coordinador, un grupo de persoas que traballando conxuntamente vai reflexionando, valorando e organizando todo o que se fai. O equipo é amplo e variado, por el xa pasaron moitas persoas. Neste momento a súa composición é a seguinte: Andrés Torres Queiruga, Pilar Wirtz Molezún, M<sup>a</sup> Carmen Turnes Negreira (Secretaría), Mencha Leirós de la Peña, Soedade López Campo, María Cancelo Baquero, Manolo Regal Ledo, Xabier Blanco Vilar e José María F. Vázquez (Blog).

A escola ofrece unha formación permanente en ciclos de catro anos nos que se tratan os grandes temas da fe. Cada curso hai cinco encontros en sábado e unha convivencia de fin de semana no verán que se celebra en Sobrado, mantendo así a vinculación co mosteiro.

## 1.- O que buscamos

A E.E. pretende, desde o seu comezo, contribuír á encarnación da experiencia evanxélica na vida real e axudar á promoción dunha